

**LER
PARA
SABER**


Estratexias de animación á lectura

rodeira











LIBRO: Son unha noz

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

ESTRATEGIA								
1	X						X	X
2	X						X	X
3	X		X			X	X	X
4	X	X	X				X	X
5	X		X				X	X
6	X		X	X	X		X	X
7	X						X	X

LIBRO: Son unha noz

COMPETENCIAS BÁSICAS

ESTRATEGIA											
	ESCOITAR	FALAR	LER	ESCRIBIR	COMPETENCIA MATEMÁTICA	COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO	COMPETENCIA DIXITAL E NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN	COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA	COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL
1	X	X	X	X							X
2	X	X	X	X							X
3	X	X	X	X		X					
4	X	X	X	X	X		X		X	X	X
5	X	X	X	X			X	X	X	X	X
6	X	X	X	X			X	X	X	X	X
7	X	X	X	X							X

OBXECTIVOS XERAIS

- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Promover o hábito da lectura.
- * Fomentar a capacidade crítica.
- * Potenciar a creatividade.
- * Desenvolver a expresión corporal.
- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Fomentar a empatía.



ORIENTACIÓNS

As actividades propostas poden traballarse en distintos graos de afondamento, en función dos intereses da clase ou do profesor, e están baseadas na aprendizaxe cooperativa e nas rutinas de pensamento.

A **aprendizaxe cooperativa** é un método fundamentado no traballo en equipo dos estudantes. Inclúe diversas técnicas mediante as que os alumnos traballan conxuntamente para lograr determinados obxectivos comúns, dos que son responsables todos os membros do equipo.

As **rutinas de pensamento** son estruturas coas que os alumnos —de maneira individual ou colectiva— inician, discuten e xestionan o seu pensamento á vez que descubren modelos de conduta que permiten utilizar a mente para xerar pensamentos, reflexionar e razoar.

A lectura deste libro pode dar pé ao traballo de aspectos como os seguintes:

- ♥ A tolerancia.
- ♥ A amizade.
- ♥ O respecto.
- ♥ A solidariedade.

Cómpre destacar que, a partir desta lectura, pódese afondar no tema dos refuxiados e dos inmigrantes.



ACTIVIDADE 1:

(Antes da lectura): «**SON UNHA NOZ**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Desenvolver hipóteses de lectura a partir do título.
- * Motivar a lectura do libro.
- * Traballar a expresión oral e escrita.
- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.

ACTIVIDADE

Nesta actividade o profesor dividirá a clase en grupos de 3-4 alumnos. Os grupos terán que dialogar sobre o título do libro para elaborar hipóteses sobre este antes da súa lectura.

Para iso, será necesario que respondan as seguintes preguntas:

- * Que vos suxire este título?
- * A que credes que fai referencia?
- * Que posibles relacións hai entre o título e a ilustración da portada?

Así que os grupos debatan sobre estes puntos, farase unha posta en común das conclusións e dúbidas ás que chegase cada un deles.

O profesor/a moderará a posta en común dos distintos puntos tratados.

ORIENTACIÓNS

Nesta actividade, o profesor/a pode engadir máis aspectos que se deben ter en conta na análise do título se o considera oportuno ou, tamén, en función dos intereses da clase.

ACTIVIDADE 2:

(Antes da lectura): «**VEXO – PENSO – PREGÚNTOME**»

OBXECTIVOS XERAIS




- * Motivar a lectura do libro.
- * Traballar a expresión oral e escrita.
- * Fomentar a capacidade crítica e de formular hipóteses.

ACTIVIDADE

Nesta rutina de pensamento o profesor mostrará ao grupo a portada do libro e pediralles aos alumnos que a observen e que, de modo individual, respondan as seguintes cuestións:

- * Que é o que ves?
- * Que é o que pensas?
- * Que preguntas te fas sobre a imaxe que estás a ver?

Para rexistrar as preguntas daráselles unha ficha preparada para que a poidan encher:

	VEXO		PENSO		PREGÚNTOME

Ao rematar a tarefa individual, realizarase a posta en común. É conveniente que os alumnos comecen sempre as frases con «vexo...», «penso...» ou «pregúntome...».

ORIENTACIÓNS

En caso necesario, durante a posta en común o profesor/a axudaralles aos alumnos a reformular os seus pensamentos e a organizalos de modo coherente.

ACTIVIDADE 3:

(Durante a lectura): «**GATOS DA RÚA**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Fomentar a expresión oral.
- * Desenvolver a capacidade de observación.
- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.

ACTIVIDADE

No libro fálase de Renoir, o gato do fiscal que escapa pola xanela dos xulgados.

Esta rutina consiste en observar a imaxe durante 30 segundos para logo elaborar unha listaxe de dez palabras ou frases sobre ela ou acerca do que esta lles suxire. Esta listaxe elaborárase de modo individual.

Despois faise unha posta en común co resto de compañeiros e elabórase de novo, de modo grupal, unha listaxe de dez elementos en función do que lles escoitaron aos seus compañeiros na posta en común e que crean importante destacar.



ACTIVIDADE 3:

ORIENTACIÓN

O profesor/a debe permitir a observación da imaxe sen interrupcións e indicarlles aos alumnos que el cronometrará o tempo.

Pódese cambiar o modo de traballar esta rutina en función da clase.

ACTIVIDADE 4:

(Durante da lectura): «**PIERRE AUGUSTE RENOIR**» (grupo de investigación)

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Potenciar o gusto pola estética.
- * Aplicar técnicas dixitais.

ACTIVIDADE

Como xa se comentou na actividade anterior, na novela aparece un gato chamado Renoir. Polo tanto, realizarase unha investigación sobre o personaxe histórico ao que se refire o nome deste gato: o pintor Pierre Auguste Renoir.

Para iso, o profesor dividirá a clase en grupos de 4-5 alumnos e, mediante esta técnica de traballo cooperativo, estes terán que preparar unha presentación dixital acerca do pintor. Será preciso que cada grupo planifique a tarefa e a maneira de executala, distribuindo as tarefas entre os seus membros.

Ao rematar a exposición de cada equipo, os restantes avaliarana tendo en conta:

- * Se o proxecto foi ben planificado.
- * Se a presentación escrita é correcta.
- * Se a información explicada concorda coa proxectada.
- * Se a exposición é orixinal.
- * Se todos os membros do grupo participaron na exposición.

Para iso daráselle a cada grupo de traballo unha ficha valorativa cos distintos aspectos que hai que valorar. Puntuaranse do 1 ao 5, sendo o 1 a valoración mínima e o 5, a máxima.

EQUIPO	1	2	3	4	5
1. Planificación do proxecto					
2. Presentación escrita					
3. Concordancia entre a información explicada e a proxectada					
4. Orixinalidade da exposición					
5. Participación conxunta de todos os membros do equipo na exposición					

ORIENTACIONES

Segundo o criterio do profesor, poderá engadir algún outro aspecto para avaliar na ficha valorativa.

Se o considera oportuno, esta actividade tamén pode desenvolverse investigando sobre pintores da súa localidade.

ACTIVIDADE 5:

(Despois da lectura): «**O TABACO**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Traballar a expresión oral e escrita.
- * Fomentar a capacidade crítica.
- * Desenvolver a empatía.

ACTIVIDADE

No capítulo do libro titulado «O gato do fiscal», cóntasenos como o fiscal deixou de fumar. Esta actividade céntrase, pois, no tema do tabaco.

Con ela preténdese que os alumnos reflexionen sobre os diferentes aspectos relacionados co tabaco a partir da visualización dunha curtametraxe de animación referente a este tema: *Bruno contra el humo* (<https://youtu.be/na4PPuNJGOw>)

Ademais, preténdese fomentar a capacidade de discernir entre información verdadeira e falsa.

A actividade consiste en entregarlles aos alumnos tres papeis de tres cores distintas (un verde, outro amarelo e outro vermello) onde terán que anotar, despois de ver a curta:

- * No verde: aquelas partes ou ideas que son certas.
- * No amarelo: cuestións dubidosas ou que poidan conter parte de verdade e de mentira.
- * No vermello: as cuestións que consideren falsas ou incorrectas.

Despois, elaborárase un mural na clase con tres cartolinas das mesmas cores e, posteriormente, farase unha posta en común dos distintos aspectos para chegar a conclusións colectivas.

ORIENTACIÓNS

O profesor/a pode escoller outra curtametraxe que lle pareza máis adecuada para a súa clase.

Terá que ter preparado o material que van necesitar os alumnos para desenvolver esta actividade.

ACTIVIDADE 6:

(Despois da lectura): «**FACEMOS TEATRO**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar a creatividade.
- * Desenvolver a expresión corporal.
- * Potenciar o traballo en equipo.

ACTIVIDADE

Para esta actividade dividírase a clase en pequenos grupos. Cada un deles terá que preparar unha representación teatral dalgún dos capítulos do libro para os demais.

Será necesario confeccionar o guión da obra, a escenificación, o vestiario etc. Ademais, se o consideraren oportuno, tamén se escollerá algunha música para crear ambiente.

O profesor ten que planificar o tempo do que se vai dispor, tanto para a preparación como para a execución da actividade.

ORIENTACIÓNS

Os grupos pódese establecer o profesor ou pódese deixar que os alumnos se agrupen libremente.

En canto á elección do capítulo que se vai representar, esta tamén pode ser libre ou determinada polo profesor. Porén, outra actividade interesante sería que todos os grupos representasen o mesmo capítulo e, así, poder comparar as distintas interpretacións e postas en escena que se fixesen dun mesmo relato.

ACTIVIDADE 7:

(Despois da lectura): **«O CONCURSO»**

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- * Fomentar a capacidade de reflexión.
- * Potenciar a expresión oral e a capacidade argumentativa.

ACTIVIDADE

Despois de rematar a lectura do libro, proporáselles aos alumnos un concurso relacionado co libro.

Para levalo a cabo, dividirase a clase en dous grupos que terán que elaborar un número determinado de preguntas (de dez a quince) relacionadas coa lectura que fixeron. De modo alternativo, os grupos irán formulando as súas preguntas e no encerado irase tomando nota dos acertos de cada grupo de xeito que, ao rematar o xogo, se poida constatar cal é o equipo gañador.

Cada equipo terá un tempo determinado para responder as preguntas (o profesor/a determinará este tempo e encargarse de controlalo).

Os seus membros poderán consultar a resposta entre eles mais non o libro, e só se aceptará unha por equipo. Esta será comunicada polo portavoz, que será escollido por eles.

ORIENTACIÓNS

O profesor/a terá que proporcionar o tempo suficiente para que os grupos poidan preparar as súas preguntas.

Así mesmo, terá o labor de vixiar o cumprimento das normas do concurso que el mesmo fixará antes de iniciar o xogo.



**Estratexias
de animación
á lectura**

